



INFORME DE INTERVENCIÓN

Asunto: *Informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nas liquidacións e contas anuais a 31 de decembro de 2012, para o seguimento do Plan económico-financieiro 2012-2013 e para acompañamento á Conta xeral de 2012.*

En cumprimento dos artigos 3, 11.4 e 24.4 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (en adiante LOE) e dos artigos 16 e 22.2 do Rd 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais (en adiante REO) emítese o presente informe en relación ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nas liquidacións e contas anuais dos orzamentos da Deputación de Lugo e os seus entes dependentes no exercicio 2012 aos efectos de seguimento do Plan económico-financieiro 2012-2013 (en adiante PEF 2012-2013) e de acompañamento á Conta Xeral.

1. ANTECEDENTES.

O Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2012, adoptou o acordo de aprobación do PEF para o periodo 2012-2013. O dito Plan foi obxecto de aprobación definitiva por Resolución da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Xunta de Galicia de data 20 de xullo de 2012 e publicado no BOP nº 184, de 10 de agosto de 2012.

No citado PEF conclúese que a proxección da liquidación dos orzamentos 2012 en termos de contabilidade nacional reflicte un saldo non financeiro de necesidade de financiamento para a Deputación e o Inludes, mantendo os ritmos de execución dos anos 2009 a 2011 e separando as obrigas do propio exercicio das procedentes de incorporación de remanentes por ter un diferente nivel de execución, necesidade de financiamento que se atoparía dentro da porcentaxe establecida pola Comisión Nacional de Administración Local para a liquidación 2011 (4,39 % dos ingresos non financeiros). A liquidación 2012 do Consorcio de bombeiros amosaría unha capacidade de financiamento. A proxección do orzamento e a liquidación de 2013, en termos de contabilidade nacional, amosaría estabilidade orzamentaria sempre que o ritmo de execución das obrigas do exercicio e de incorporacións se manteña na media dos anos 2009-2011 e o grao das incorporacións de remanentes de crédito non superen o 67%.

Con data de 31 de xaneiro de 2013 pola Intervención da Deputación Provincial de Lugo emítese informe coa finalidade de avaliar o obxectivo de estabilidade orzamentaria a 31 de decembro de 2012 para o seguimento do Plan Económico Financeiro 2012-2013. O informe ten carácter provisional, ao non ter datos da liquidación do Consorcio de Bombeiros e as liquidacións da Deputación e do INLUDES non eran definitivas, e concluíu que a liquidación a 31 de decembro de 2012, a nivel consolidado, cumpría co obxectivo de estabilidade orzamentaria ao presentar unha capacidade de financiamento de 4.233.060,84 €, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. A nivel individual,

todos os entes analizados cumprían tamén co obxectivo de estabilidade orzamentaria. O citado informe remitiuse ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con data de 31 de xaneiro de 2012.

O informe-proposta de Intervención de incorporación de remanentes nº 4 de 2012 a 2013 da Deputación de Lugo de 1 de febreiro, pon de manifesto a actualización do PEF 2012-2013:

"Actualizando os datos do PEF, incluíndo nas obrigas recoñecidas en 2012 ás de 2009 a 2011, tanto de exercicio corrente (57,04%), como de incorporacións (65,34 %) que supoñen un nivel de execución total de 59,83%, así como as previsións e créditos definitivos do orzamento 2013 actualmente en vigor, e mantendo as hipóteses de execución para 2013 que figuran no PEF, obtense a proxección da liquidación 2013 que acadará estabilidade orzamentaria, sempre que o nivel de incorporacións (ou modificacións financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais) en capítulos 1 a 7 de gastos non supere o importe de 49.217.878,99 €. A presente incorporación atópase dentro de dito límite"

Informe de Intervención de 14 de febreiro de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria con motivo das liquidacións na Deputación e o Instituto lucense de desenvolvemento económico e social (INLUDES), presentando capacidade de financiamento de 4.226.980,30 €, de acordo coa definición contida no SEC-95.

2. ÁMBITO SUBJECTIVO DE APLICACIÓN.

Os organismos autónomos e entes públicos dependentes da Deputación, a saber, o INLUDES (do cal se acordou a súa disolución con efectos orzamentarios de 1 de xaneiro de 2013), a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (en adiante SUPLUSA), a Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (en adiante Fundación TIC) e o Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento (en adiante Consorcio de bombeiros) serán consideradas entidades comprendidas no ámbito do artigo 2.1 da LOE e do 4.1 do REO, ó prestar servizos ou producir bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, e estar así clasificadas pola Subdirección Xeral de Análise e Contas do Sector Público da Intervención Xeral da Administración do Estado.

No PEF 2012-2013 a necesidade de financiamento produciase polos déficits xerados na deputación de Lugo, no INLUDES e no Consorcio de bombeiros, polo que a verificación do cumprimento do PEF refírese a estes tres entes. Non obstante, aos efectos de acompañamento á conta Xeral 2012, debe integrarse polo conxunto dos entes, engadindo SUPLUSA (cuxas contas anuais foron formuladas o 26 de marzo de 2013 polo Consello de Administración da sociedade e será sometida a aprobación pola Xunta Xeral de Accionistas de data 30 de abril de 2013) e a Fundación TIC (cuxas contas anuais foron formuladas e serán sometidas a aprobación polo Padroado de data 29 de abril de 2013).



3. CONSOLIDACIÓN DOS ORZAMENTOS INICIAIS E DEFINITIVOS 2012

3.1.- Créditos iniciais:

No informe de intervención de 18 de novembro de 2011 analízase o obxectivo de estabilidade orzamentaria dos orzamentos de 2012 no que se conclúe que, a nivel consolidado, cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria ao presentar unha capacidade de financiamento de 3.490.354,76 €, despois de realizar os axustes oportunos de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

ORZAMENTO INICIAL 2012

		DEPUTACIÓN	INLUDES	SUPLUSA	FUNDACION TIC	CONSORCIO COMBEROS	AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS	TOTAL
I N G R E S O S	CAP. 1	5.071.738,36	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	5.071.738,36
	CAP. 2	3.299.066,67	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	3.299.066,67
	CAP. 3	8.817.481,04	202.500,00	0,00	0,00	45.550,00	0,00	9.065.531,04
	CAP. 4	51.786.952,52	7.722.622,60	3.175.000,00	1.623.960,00	4.549.174,66	-14.584.163,77	54.273.546,01
	CAP. 5	3.516.000,00	138.500,00	24.393,82	12.000,00	100,00	0,00	3.690.993,82
	CAP. 6	600.000,00	15.000,00	2.235.354,59	1.000.000,00	0,00	0,00	3.850.354,59
	CAP. 7	12.763.296,09	0,00	750.000,00	0,00	502.200,00	-251.100,00	13.764.396,09
	CAP. 8	250.000,00	50.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	300.000,00
	CAP. 9	4.500.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	4.500.000,00
TOTAL		90.604.534,68	8.128.622,60	6.184.748,41	2.635.960,00	5.097.024,66	-14.835.263,77	97.815.626,58

		DEPUTACIÓN	INLUDES	SUPLUSA	FUNDACION TIC	CONSORCIO BOMBEROS	AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS	TOTAL
G A S T O S	CAP. 1	20.132.558,66	4.101.688,23	890.000,00	967.555,00	103.274,49	0,00	26.195.076,38
	CAP. 2	13.372.626,76	2.014.181,25	380.000,00	554.905,00	4.491.350,17	0,00	20.813.063,18
	CAP. 3	1.184.776,46	0,00	626.651,23	7.500,00	100,00	0,00	1.819.027,69
	CAP. 4	21.827.816,84	292.853,12	0,00	70.000,00	100,00	-14.584.163,77	7.606.606,19
	CAP. 6	24.079.569,56	1.169.900,00	1.094.100,27	1.036.000,00	502.100,00	0,00	27.881.669,83
	CAP. 7	4.960.828,55	500.000,00	0,00	0,00	100,00	-251.100,00	5.209.828,55
	CAP. 8	310.000,00	50.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	360.000,00
	CAP. 9	4.617.872,10	0,00	3.193.996,91	0,00	0,00	0,00	7.811.869,01
	TOTAL		90.486.048,93	8.128.622,60	6.184.748,41	2.635.960,00	5.097.024,66	-14.835.263,77

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCIERO:

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	85.854.534,68	8.078.622,60	6.184.748,41	2.635.960,00	5.097.024,66	-14.835.263,77	93.015.626,58
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	85.558.176,83	8.078.622,60	2.990.751,50	2.635.960,00	5.097.024,66	-14.835.263,77	89.525.271,82
NECESIDADE / CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	296.357,85	0,00	3.193.996,91	0,00	0,00	0,00	3.490.354,76

3.1.- Créditos definitivos:

As modificacións de crédito no momento da Liquidación do orzamento presentan as cifras de previsións definitivas de ingresos e gastos seguintes:

ORZAMENTO DEFINITIVO 2012 CONSOLIDADO

		DEPUTACIÓN	INLUDES	SUPLUSA	FUNDACION TIC	CONSORCIO COMBEROS	AXUSTES POR TR. INTERNAS	TOTAL
I N G R E S O S	CAP. 1	5.071.738,36	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	5.071.738,36
	CAP. 2	3.299.066,67	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	3.299.066,67
	CAP. 3	8.817.481,04	202.500,00	0,00	0,00	45.550,00	0,00	9.065.531,04
	CAP. 4	56.072.372,45	8.709.134,25	3.175.000,00	1.565.455,00	3.881.317,47	-15.626.259,99	57.777.019,18
	CAP. 5	3.516.000,00	138.500,00	24.393,82	12.000,00	100,00	0,00	3.690.993,82
	CAP. 6	600.000,00	15.000,00	2.235.354,59	1.000.000,00	0,00	0,00	3.850.354,59
	CAP. 7	18.063.733,59	597.441,38	750.000,00	0,00	502.200,00	-2.224.146,15	17.689.228,82
	CAP. 8	47.560.495,69	7.111.622,67	0,00	0,00	0,00	0,00	54.672.118,36
	CAP. 9	1.121.007,89	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.121.007,89
TOTAL		144.121.895,69	16.774.198,30	6.184.748,41	2.577.455,00	4.429.167,47	-17.850.406,14	156.237.058,73

		DEPUTACIÓN	INLUDES	SUPLUSA	FUNDACION TIC	CONSORCIO BOMBEROS	AXUSTES POR TR. INTERNAS	TOTAL
G A S T O S	CAP. 1	18.866.169,23	4.085.690,16	890.000,00	967.555,00	103.274,49	0,00	24.912.688,88
	CAP. 2	17.823.606,09	2.690.224,33	380.000,00	512.400,00	3.733.492,98	-512.851,88	24.626.871,52
	CAP. 3	1.226.880,99	0,00	626.651,23	7.500,00	100,00	0,00	1.861.132,22
	CAP. 4	33.142.142,96	1.078.161,20	0,00	60.000,00	100,00	-17.213.408,11	17.066.996,05
	CAP. 6	48.634.466,70	8.250.750,73	1.094.100,27	1.030.000,00	592.100,00	-124.146,15	59.477.271,55
	CAP. 7	15.791.324,26	612.871,88	0,00	0,00	100,00	0,00	16.404.296,14
	CAP. 8	262.000,00	56.500,00	0,00	0,00	0,00	0,00	318.500,00
	CAP. 9	8.256.819,71	0,00	3.193.996,91	0,00	0,00	0,00	11.450.816,62
	TOTAL		144.003.409,94	16.774.198,30	6.184.748,41	2.577.455,00	4.429.167,47	-17.850.406,14

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCIERO:

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	95.440.392,11	9.662.575,63	6.184.748,41	2.577.455,00	4.429.167,47	-17.850.406,14	100.443.932,48
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	135.484.590,23	16.717.698,30	2.990.751,50	2.577.455,00	4.429.167,47	-17.850.406,14	144.349.256,36
NECESIDADE / CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	-40.044.198,12	-7.055.122,67	3.193.996,91	0,00	0,00	0,00	-43.905.323,88

Ao comparar as previsións definitivas de ingresos e gastos do orzamento consolidado de 2012 reflicte un desequilibrio en termos de estabilidade orzamentaria de -43.905.323,88 €, maior que a inicialmente prevista, que teñen os seguintes orixes:

- A capacidade de financiamento inicial prevista no orzamento aprobado por un importe de 3.490.354,76 €
- A aplicación do remanente de tesourería do exercicio 2011 (concepto 870 do estado de ingresos) como fonte de financiación de modificacións de créditos dos capítulos I a VII do estado de gastos durante o exercicio 2012, por un importe total de -49.872.118,36 € (-42.810.495,69 € no caso da Deputación e de -7.061.622,67 € no caso do INLUDES).



- Por transferencias de crédito dos capítulos 1 a 7 ao capítulo 8 no caso do INLUDES por un importe de 6.500,00 o que produce un menor déficit aos efectos de estabilidade orzamentaria.
- Por transferencias de crédito do capítulo 8 aos capítulo 1 a 7 no caso da Deputación de Lugo por un importe de -48.000,00 o que produce un maior déficit aos efectos de estabilidade orzamentaria.
- Modificación orzamentaria na Deputación de Lugo vía suplemento de crédito para redución de endebedamento (cap. 9 de gastos) financiado con maiores ingresos dos previstos no capítulo 4 (Fondo complementario de financiamento) por un importe de 3.638.947,61 €, o que produce un menor déficit aos efectos de estabilidade orzamentaria.
- A utilización parcial de compromisos de préstamos autorizados no exercicio 2011 para financiar a incorporación de remanentes de créditos das aplicacións orzamentarias con eles financiados, por un importe de -1.121.007,89 €.

En consecuencia, pode afirmarse que o incremento no desequilibrio de 47.395.678,64 € débese á aplicación do remanente de tesourería do exercicio 2011 para financiar gastos por operacións non financeiras (capítulos I a VII) por un importe de 49.872.118,36 €, a utilización parcial das operacións de crédito autorizadas en exercicios anteriores por un importe de 1.121.007,89 € (que se destinaron a gastos con financiación afectada, que constitúen remanentes de crédito de incorporación obrigatoria, dacordo co disposto nas normas orzamentarias, contables e contractuais de aplicación) e a modificacións orzamentarias (transferencias de crédito e suplementos de crédito) que no seu conxunto producen un menor déficit aos efectos de estabilidade orzamentaria por un importe de 3.597.447,61 €. Resulta evidente que o incremento no desequilibrio ou necesidade de financiamento non requiriu no momento de tramitar os expedientes de modificación de créditos de ningún axuste económico de reequilibrio por estar garantida a súa financiación con "aforro", e dicir con superávit acumulado en exercicios anteriores, acreditado a 31 de decembro de 2011 a través da magnitude do remanente de tesourería, e por establecelo así o artigo 21.1 do REO.

4. CONSOLIDACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS E ELIMINACIÓN DAS OPERACIÓNS INTERNAS.

Realízase a consolidación dos datos contidos nas liquidacións dos orzamentos do exercicio 2012 da propia Deputación Provincial, do INLUDES e do Consorcio de bombeiros, das contas anuais de SUPLUSA e Fundación TIC.

De conformidade co disposto no artigo 115 do R.D. 500/90, para efectuar a consolidación dos orzamentos anteriores, deberán harmonizarse os estados de gastos e ingresos eliminando as operacións internas.

Os axustes que proceden por eliminación destas operacións internas serían:

- a) Dedución por transferencias correntes da Deputación de Lugo en 2012 a:
1. INLUDES 7.722.622,60
 2. Consorcio de bombeiros 2.650.330,51
 3. SUPLUSA 5.563.042,47

4. Fundación TIC 1.565.455,00
 Total..... 17.501.450,58

b) Deducción por investimentos reais da Deputación en 2012 a:

1. INLUDES:.....124.146,15
 2. SUPLUSA 13.247,20
 Total.....137.393,35

c) Deducción por gastos correntes da Deputación en 2012 a:

1. SUPLUSA512.851,88

d) Deducción por gastos correntes do INLUDES en 2012 a:

1. Fundación TIC 34.600,00

LIQUIDACION 2012
 CONSOLIDADO

	DEPUTACIÓN	INLUDES	CONSORCIO BOMBEROS	SUPLUSA	FUNDACION TIC	AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS	TOTAL	
I N G R E S O S	CAP. 1	5.482.316,63	0,00	0,00	0,00	0,00	5.482.316,63	
	CAP. 2	2.842.076,35	0,00	0,00	0,00	0,00	2.842.076,35	
	CAP. 3	5.186.942,87	158.672,79	0,00	367.031,50	1.300,00	-13.247,20	5.700.699,96
	CAP. 4	57.722.488,86	10.007.356,70	4.039.577,80	4.644.050,59	1.610.855,00	-15.948.902,46	62.075.426,49
	CAP. 5	728.552,69	64.311,53	1.567,73	130.477,41	29.276,21	0,00	954.185,57
	CAP. 6	655.590,25	21.533,85	0,00	18.168,43	0,00	0,00	695.292,53
	CAP. 7	4.945.781,40	1.432.623,27	0,00	2.100.000,00	0,00	-2.224.146,15	6.254.258,52
	CAP. 8	191.258,00	38.100,00	0,00	0,00	0,00	0,00	229.358,00
	CAP. 9	1.736.655,77	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.736.655,77
TOTAL	79.491.662,82	11.722.598,14	4.041.145,53	7.259.727,93	1.641.431,21	-18.186.295,81	85.970.269,82	

	DEPUTACIÓN	INLUDES	CONSORCIO BOMBEROS	SUPLUSA	FUNDACION TIC	AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS	TOTAL	
G A S T O S	CAP. 1	16.501.377,89	3.267.930,37	22.491,24	1.197.696,47	852.708,56	0,00	21.842.204,53
	CAP. 2	10.636.640,63	1.819.072,07	3.352.323,71	701.195,48	472.452,78	-547.451,88	16.434.232,79
	CAP. 3	727.086,53	0,00	0,00	217.995,79	2.791,71	0,00	947.874,03
	CAP. 4	26.315.520,71	815.372,07	0,00	668.156,24	45.311,64	-17.501.450,58	10.342.910,08
	CAP. 6	18.885.882,16	4.860.951,33	0,00	479.118,85	30.152,61	-137.393,35	24.118.711,60
	CAP. 7	7.998.712,37	95.671,88	0,00	0,00	0,00	0,00	8.094.384,25
	CAP. 8	261.240,00	51.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	312.240,00
	CAP. 9	8.214.437,10	0,00	0,00	3.193.996,91	36.000,00	0,00	11.444.434,01
	TOTAL	89.540.897,39	10.909.997,72	3.374.814,95	6.458.159,74	1.439.417,30	-18.186.295,81	93.536.991,29

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCIERO:

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	77.563.749,05	11.684.498,14	4.041.145,53	7.259.727,93	1.641.431,21	-18.186.295,81	84.004.256,05
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	81.065.220,29	10.858.997,72	3.374.814,95	3.264.162,83	1.403.417,30	-18.186.295,81	81.780.317,28
NECESIDADE / CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	-3.501.471,24	825.500,42	666.330,58	3.995.565,10	238.013,91	0,00	2.223.938,77



A partir dos criterios contidos no "Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais (1ª edición)" elaborado pola Intervención Xeral de Administración do Estado cómpre a realización dunha serie de axustes nas magnitudes orzamentarias anteriores para adaptar a información contable aos criterios de Contabilidade Nacional contidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95). Tivéronse en conta as seguintes consideracións:

- **Nos datos da Deputación de Lugo:** (preséntase no anexo 1 o resumo dos importes tidos en conta aos efectos de contabilidade nacional do orzamento de ingresos)

1. **Rexistro en contabilidade nacional dos impostos, cotizacións sociais, taxas e outros ingresos:** para os ingresos contabilizados nos capítulos I, II e III (agás os impostos cedidos parcialmente) do orzamento de ingresos, utilízase o criterio de caixa de cada exercicio, sexa do exercicio corrente ou de exercicios pechados. De este xeito obtemos os seguintes importes:

- Dereitos recoñecidos netos.....	8.208.197,26
- Recadación líquida (exercicios corrente e pechados)	9.148.576,57
Axuste (menor déficit en contabilidade nacional)	940.379,31

2. **Tratamento das entregas a conta de impostos cedidos, do fondo complementario de financiamento e do fondo de financiamento de asistencia sanitaria:** en contabilidade nacional estes pagos rexístranse no periodo no que se pagan, e a liquidación definitiva resultante, no momento en que se determina a súa contía e se satisfai. Os dereitos recoñecidos netos destes conceptos correspóndense coas entregas a conta mensuais (xaneiro a decembro de 2012), o anticipo do 50% da liquidación estimada do exercicio 2010 e a liquidación definitiva do exercicio 2010. Coa finalidade de non incluír no cálculo o efecto das liquidacións definitivas da participación das entidades locais en tributos do Estado correspondente aos anos 2008, 2009 e 2010, tal e como se indica no acordo da Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal, da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) e na plataforma da oficina virtual da entidades locais do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación á información a comunicar para cumprimento das obrigas contempladas na Orden HAP/2015/2012, de 1 de outubro en relación aos orzamentos de 2013

- Axuste (menor déficit en contabilidade nacional).....	5.915.402,22
---	--------------

3. **Consolidación de transferencias entre administracións públicas:** Tódolos dereitos recoñecidos por transferencias correntes e de capital contabilízanse polo criterio do recoñecemento do dereito simultáneo ao cobro efectivo, non existindo dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2012.

Exceptúanse do criterio xeral anterior as cantidades debidas polos Concellos e os dereitos recoñecidos rexistrados nos conceptos 76200 e 76205 (Tranferencias de capital de Concellos).

Tendo en conta que en contabilidade nacional deben respectarse os criterios de contabilización aos que está suxeito o pagador da transferencia, considéranse exclusivamente os importes

efectivamente recadados no exercicio 2012 por dereitos recoñecidos en dito exercicio ou en exercicios anteriores.

- Axuste (menor déficit en contabilidade nacional) 73.609,16

4. **Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea:** Nos ingresos obtidos pola corporación como destinataria final dos fondos comunitarios, ao xestionar proxectos cofinanciados pola Unión Europea, o momento do recoñecemento dos fondos en contabilidade nacional é o da remisión pola Corporación da certificación do gasto ás unidades administradoras, é dicir, o importe resultante de aplicar a porcentaxe de financiamento que corresponda co gasto certificado e remitido á unidade administradora. Polos citados importes recoñeceronse os dereitos recoñecidos no orzamento de ingreso polo que o criterio da contabilidade da entidade e os de contabilidade nacional coinciden non sendo necesario a realización de ningún axuste.

5. **Tratamento dos xuros en contabilidade nacional:** rexe o principio de devengo, de xeito que deberán incorporarse os xuros devengados no exercicio 2012, tanto vencidos como non vencidos. Todos os xuros recoñecidos no orzamento de gastos no citado período correspóndense con xuros devengados e vencidos no exercicio, agás os relativos á

- Operación de préstamo formalizado co BBVA (Nº préstamo: 9542679956) no que o importe vencido a 31/07/2012 (49.282,14 €) correspóndense con xuros devengados no periodo de 1 de agosto de 2011 a 31 de xullo de 2012. Por outra banda os xuros devengados entre 1 de agosto de 2012 e 31 de decembro de 2012 terán como data de vencemento o 31 de xullo de 2013.

PRÉSTAMO	CONTABILIDADE ORZAMENTARIA (cap. 3)	CONTABILIDADE NACIONAL	AXUSTE (+ MENOR DÉFICIT/ -MAIOR DEFICIT)
BBVA (9542679956)	49.282,14	42.414,96	6.867,18
TOTAL	49.282,14	42.414,96	6.867,18

6. **Arrendamentos financeiros:** contabilízase orzamentariamente cada ano a amortización no capítulo 6 e o gasto financeiro no capítulo 3. Os contratos de arrendamento financeiro vixentes no exercicio proceden de exercicios pasados polo que é preciso a realización dun axuste negativo neste exercicio polo importe das cotas de recuperación do coste dos bens por un importe de 79.332,81 €.

- Axuste (menor déficit en contabilidade nacional) 79.332,81

7. **Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da corporación local:** A conta 413 "Acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento" recolle as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos, para os que non se produciu a aplicación ao orzamento. Estaríamos ante obrigas respecto as que, non dictándose o correspondente acto formal de recoñecemento e liquidación, derivanse de bens e servizos efectivamente recibidos.



O saldo da conta 413 ao final do exercicio é maior que o inicial nun importe de 5.203,00 €, o que dará lugar a un axuste como maior gasto non financeiro en contabilidade nacional, aumentando o déficit da corporación.

- Axuste (maior déficit en contabilidade nacional)5.203,00

8. Non existen investimentos realizados polo sistema de "abono total do prezo" ou realizados por conta da Deputación, nin percepción de dividendos ou participación en beneficios. Tampouco houbo operacións de permuta financeira, nin operacións de execución e reintegro de avais, nin aportacións de capital a empresas públicas no exercicio, nin asunción ou cancelación de débedas de empresas públicas provinciais.

- **Nos datos do Inludes** (preséntase no anexo 2 o resumo dos importes que se tiveron en conta aos efectos de contabilidade nacional do orzamento de ingresos)

1. Rexistro en contabilidade nacional dos impostos, cotizacións sociais, taxas e outros ingresos: para os ingresos contabilizados nos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos, utilízase o criterio de caixa de cada exercicio, sexa do exercicio corrente ou de exercicios pechados. De este xeito obtemos os seguintes importes:

Dereitos recoñecidos netos..... 158.672,79
Recadación líquida (exercicios corrente e pechados 159.141,34
Axuste (menor déficit en contabilidade nacional)..... 468,55

2. **Tratamento das entregas a conta de impostos cedidos, do fondo complementario de financiamento e do fondo de financiamento de asistencia sanitaria:** non existen no INLUDES ingresos nesta categoría

3. **Consolidación de transferencias entre administracións públicas:** Tendo en conta que en contabilidade nacional deben respectarse os criterios de contabilización aos que está suxeito o pagador da transferencia, considéranse exclusivamente os importes efectivamente recadados no período, polo que é preciso a realización dun axuste para reflexar un maior déficit en contabilidade nacional por un importe de 106.946,11 €.

Do criterio anterior, exceptúase as aportacións procedentes da Deputación de Lugo. No caso da Deputación figuran obrigas recoñecidas a favor do INLUDES por valor de 7.722.622,60 euros no capítulo 4 e de 124.146,15 € no capítulo 6 e no caso de INLUDES figuran dereitos recoñecidos polos mesmos importes nos capítulos 4 e 7 respectivamente, polo que non é preciso a realización de ningún axuste.

Tendo en conta todo o anterior e preciso a realización do seguinte axuste:

- Axuste (maior déficit en contabilidade nacional)106.946,11

4. **Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea:** Nos ingresos obtidos pola corporación como destinataria final dos fondos comunitarios, ao xestionar proxectos cofinanciados pola Unión Europea, o momento do recoñecemento dos fondos en contabilidade nacional é o da remisión pola Corporación da documentación do gasto ás unidades administradoras, é dicir, o importe resultante de aplicar a porcentaxe de financiamento que corresponda co gasto certificado e remitido á unidade administradora. Polos citados importes recoñeceronse os dereitos recoñecidos no orzamento de ingreso polo que o criterio da contabilidade da entidade e os de contabilidade nacional coinciden, non sendo necesario a realización de ningún axuste.

5. **Tratamento dos xuros en contabilidade nacional:** non houbo no exercicio operacións relativas a esta categoría.

6. **Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da corporación local:** A conta 413 "Acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento" recolle as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos, para os que non se produciu a aplicación ao orzamento. Estaríamos ante obrigas respecto as que, non dictándose o correspondente acto formal de recoñecemento e liquidación, derivanse de bens e servizos efectivamente recibidos.

O saldo da conta 413 ao final do exercicio é maior que o inicial nun importe de 958,99 €, o que dará lugar a un axuste como maior gasto non financeiro en contabilidade nacional, aumentando o déficit da corporación.

- Axuste (maior déficit en contabilidade nacional).958,99

7. Non existen investimentos realizados polo sistema de "abono total do prezo" ou realizados por conta do INLUDES, nin percepción de dividendos ou participación en beneficios. Tampouco houbo operacións de permuta financeira, nin operacións de execución e reintegro de avais, nin aportacións de capital a empresas públicas no exercicio, nin asunción ou cancelación de débedas de empresas públicas, nin gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da entidade.

▪ **Nos datos do Consorcio de bombeiros:**

1. **Consolidación de transferencias entre administracións públicas:** transcríbese parte do informe emitido pola secretaría-intervención do Consorcio ao obxecto de valorar a estabilidade orzamentaria na liquidación do exercicio 2011 do ente: "No caso das transferencias realizadas pola Xunta de Galicia figuran deudas recoñecidas por importe de 1.934.397,16 e una recadación neta no exercicio 2012 de 1.759.000,17 €, quedando pendente de obro a 31 de decembro a cantidade de 175.396,99 €, polo que non se realiza ningún axuste para pasar do déficit ou superávit de contabilidade nacional



No caso das contías por transferencia na Deputación de Lugo e no Consorcio non coinciden. No exercicio 2012 figuran dereitos recoñecidos por importe de 2.105.180,64 € e una recadación neta (de exercicio corrente e pechados) por importe de 2.650.330,51. Na Deputación de Lugo figuran obrigas recoñecidas no exercicio 2012 por por importe de 2.650.330,51 €, procedendo o axuste (menor déficit) por importe de 545.149,87 €, cantidade transferida ao Consorcio na anualidade 2012, en cumprimento da paridade de achegas dos entes consorciados para o exercicio 2012"

2. Non se considera necesario a realización de máis axustes para a adaptación dos importes iniciais a contabilidade nacional.

▪ **Nos datos de SUPLUSA:**

1. **Tratamento dos xuros en contabilidade nacional:** rexe o principio de devengo, de xeito que deberán incorporarse os xuros devengados no exercicio, tanto vencidos como non vencidos. Todos os xuros recoñecidos no orzamento de gastos no exercicio correspóndense con xuros devengados, vencidos ou non vencidos no exercicio, polo que non é preciso a realización de ningún axuste.

2. **Variación de produtos terminados e en curso de fabricación:** dedúcese da conta de pérdivas e ganancias unha diminución da variación de existencias por un importe de 1.100.706,70 euros, que a efectos de contabilidade nacional ocasiona un maior gasto no capítulo VI do orzamento de gastos de SUPLUSA ao que se imputan as adquisicións de terreos e traballos realizados para dotar de solo industrial e residencial para persoas da terceira idade á provincia de Lugo.

-Axuste (maior gasto-maior déficit en contabilidade nacional).....1.100.706,70

3. **Imposto de sociedades:** o importe a considerar como gasto non é o imposto devengado contablemente e que figura na conta de perdas e ganancias (2.397,33 €) senón o os pagos a conta realizados durante o ano (26.472,25 €) máis o resultado da liquidación final correspondente aos exercicios anteriores (71.792,78 €).

-Axuste (maior gasto-maior déficit en contabilidade nacional).....95.867,70

4. **Provisións para riscos e gastos:** en contabilidade nacional non existen provisións para riscos e gastos, xa que únicamente deben reflexarse os fluxos económicos producidos e non as previsións de gastos. Estas dotacións, aínda que estén reflexadas na conta de pérdivas e ganancias, non se consideran gastos en contabilidade nacional. Dotáronse no exercicio provisións para responder ás reclamacións existentes ás valoracións practicadas nos procesos expropiatorios de Friol e Castroverde por un importe de 73.714,63 € o que ocasiona un menor gasto en contabilidade nacional no capítulo 6.

-Axuste (menor gasto-menor déficit en contabilidade nacional).....73.714,63

5. **Consolidación de transferencias correntes entre administracións públicas:** Tendo en conta que en contabilidade nacional deben respectarse os criterios de contabilización aos que está suxeito o pagador da transferencia, considéranse os importes efectivamente recoñecidos no exercicio 2012 pola Excma. Deputación Provincial de Lugo, en concreto:

- Deputación Lugo. Persoal e mantemento barcos	91.134,12
- Deputación Lugo. Persoal e mantemento barcos	145,57
- Deputación Lugo. Persoal e mantemento barcos	192.232,93
- Deputación Lugo. Persoal e mantemento barcos	223.335,00
- Deputación Lugo. Persoal e mantemento barcos	280,91
- Deputación Lugo. Escola piragüismo	5.723,35
- Deputación Lugo. Aportación ordinaria	1.587.500,00
- Deputación Lugo. Aportación ordinaria	1.587.500,00
- Deputación Lugo. Intereses polos pagos a Confederación	288.042,47
Total Deputación Lugo	3.975.894,35

- Axuste (menor ingreso-maior déficit en contabilidade nacional).....668.156,24

6. **Subvencións de capital recibidas:** Aos efectos de contabilidade nacional as subvencións de capital recibidas deben computar como ingresos integramente no exercicio no que se reciben, independente de que as normas contables establezan outro tratamento. Concretamente, no Plan Xeral de Contabilidade da Empresa privada preveese que as subvencións de capital recibidas contabilizaranse no pasivo do balance e imputaranse a resultados cando se alleen, amortizen ou se den de baixa os bens que contribuíron a financiar.

Ademáis, para garantir a correcta consolidación das operacións, o importe a computar como ingresos en contabilidade nacional polas unidades receptoras de transferencias de capital debe coincidir co gasto que se rexistre na unidade que a concede. En definitiva, as transferencias de capital impútanse íntegras como ingresos da unidade receptora no exercicio en que se reciben, sen perxucio que en contabilidade financeira se imputen a resultados ano a ano.

En concreto, no exercicio 2012 percibíronse as seguintes subvencións, coincidindo co criterio do ente pagador (Deputación de Lugo):

- Deputación Lugo. Residencia A Fonsagrada	2.100.000,00
Total Deputación Lugo	2.100.000,00

Non é preciso, por tanto, a realización de ningún axuste.

• **Nos datos da Fundación TIC:**

1. **Arrendamentos financeiros:** contabilízase orzamentariamente cada ano a amortización no capítulo 6 e o gasto financeiro no capítulo 3. Os contratos de arrendamento financiero vixentes no exercicio proceden de exercicios pasados polo que é preciso a realización dun axuste negativo neste exercicio polo importe das cotas de recuperación do coste dos bens por un importe de 15.460,61 €.



-Axuste (menor déficit en contabilidade nacional)..... 15.460,61

2. Non se considera necesario a realización de máis axustes para a adaptación dos importes iniciais á contabilidade nacional.

Tendo en conta todas as consideracións anteriores realízanse os axustes e presentase a información consolidada en termos de contabilidade nacional, de acordo coa definición contida no sistema europeo de Contas Nacionais e Rexionais:

LIQUIDACION 2012 S/ CONTABILIDADE NACIONAL
CONSOLIDADO

	DEPUTACIÓN	INLUDES	CONSORCIO BOMBEROS	SUPLUSA	FUNDACION TIC	AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS	TOTAL	
I N G R E S O S	CAP. 1	6.588.721,61	0,00	0,00	0,00	0,00	6.588.721,61	
	CAP. 2	3.375.232,57	0,00	0,00	0,00	0,00	3.375.232,57	
	CAP. 3	5.054.267,36	159.141,34	0,00	367.031,50	1.300,00	-13.247,20	5.568.493,00
	CAP. 4	63.071.384,70	9.900.410,58	4.584.727,67	3.975.894,35	1.610.855,00	-15.948.902,46	67.194.369,84
	CAP. 5	728.552,69	64.311,53	1.567,73	130.477,41	29.276,21	0,00	954.185,57
	CAP. 6	655.590,25	21.533,85	0,00	18.168,43	0,00	0,00	695.292,53
	CAP. 7	5.019.390,56	1.432.623,27	0,00	2.100.000,00	0,00	-2.224.146,15	6.327.867,68
	CAP. 8	191.258,00	38.100,00	0,00	0,00	0,00	0,00	229.358,00
	CAP. 9	1.736.655,77	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.736.655,77
TOTAL	86.421.053,51	11.616.120,57	4.586.295,40	6.591.571,69	1.641.431,21	-18.186.295,81	92.670.176,57	

	DEPUTACIÓN	INLUDES	CONSORCIO BOMBEROS	SUPLUSA	FUNDACION TIC	AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS	TOTAL	
G A S T O S	CAP. 1	16.501.377,89	3.267.930,37	22.491,24	1.197.696,47	852.708,56	0,00	21.842.204,53
	CAP. 2	10.641.843,63	1.820.031,06	3.352.323,71	797.063,18	472.452,78	-547.451,88	16.536.262,48
	CAP. 3	720.219,35	0,00	0,00	217.995,79	2.791,71	0,00	941.006,85
	CAP. 4	26.315.520,71	815.372,07	0,00	668.156,24	45.311,64	-17.501.450,58	10.342.910,08
	CAP. 6	18.806.549,35	4.860.951,33	0,00	1.506.110,92	14.692,00	-137.393,35	25.050.910,25
	CAP. 7	7.998.712,37	95.671,88	0,00	0,00	0,00	0,00	8.094.384,25
	CAP. 8	261.240,00	51.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	312.240,00
	CAP. 9	8.214.437,10	0,00	0,00	3.193.996,91	36.000,00	0,00	11.444.434,01
	TOTAL	89.459.900,40	10.910.956,71	3.374.814,95	7.581.019,51	1.423.956,69	-18.186.295,81	94.564.352,45

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCIERO:

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	84.493.139,74	11.578.020,57	4.586.295,40	6.591.571,69	1.641.431,21	-18.186.295,81	90.704.162,80
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	80.984.223,30	10.859.956,71	3.374.814,95	4.387.022,60	1.387.956,69	-18.186.295,81	82.807.678,44
NECESIDADE / CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	3.508.916,44	718.063,86	1.211.480,45	2.204.549,09	253.474,52	0,00	7.896.484,36

Dos datos extraídos segundo o procedemento anterior, a nivel consolidado, obsérvase que se atende ao principio de estabilidade orzamentaria producíndose unha capacidade de financiamento, xa que a suma dos ingresos non financeiros (en adiante INF), capítulo I a VII do orzamento de ingresos é superior á suma dos gastos non financeiros (en adiante GNF), capítulo I a VII do orzamento de gastos:

- INF (Capítulo I a VII)..... 90.704.162,80 €
- GNF (Capítulo I a VII)..... 82.807.678,44 €
- Diferenza..... 7.896.484,36 (+ capacidade de financ./- necesidade de financ.)**

A capacidade de financiamento cifrada en 7.896.484,36 € ven determinada pola suma e consolidación do déficit/superávit que a nivel individual presentan:

- Deputación de Lugo..... 3.508.916,44 €
- Inludes..... 718.063,86 €
- Consorcio de bombeiros 1.211.480,45 €
- SUPLUSA..... 2.204.549,09 €
- Fudación TIC253.474,52 €
- TOTAIS..... 7.896.484,36 €**

4. CONCLUSIÓNS.

Primeira: As liquidacións e contas anuais a 31 de decembro de 2012, a nivel consolidado, cumpren co obxectivo de estabilidade orzamentaria ao presentar unha capacidade de financiamento de 7.896.484,36 €, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. A nivel individual, todos os entes cumpren tamén co obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Segunda: Conforme ao artigo 22.2 do REO, o Pleno deixará sen efecto o PEF 2012-2013 que acada o equilibrio na fase de liquidación, aínda que non se esgotase o horizonte temporal inicialmente previsto.

Terceira: Do presente informe darase conta ao Pleno e remitirase á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Xunta de Galicia, segundo o artigo 16 do REO e 24 da LOE, ao Ministerio de Facenda e Administración Públicas segundo a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, de desenvolve as obrigas de suministro de información previstas na LOE, e acompañará á Conta Xeral 2012.

Lugo, a 15 de abril de 2013.

A interventora xeral,



Rosa Abelleira Fernández

EXCM.A. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Sesión do día 30 ABR. 2013

NO PRESIDENTE
ED. Decreto nº 2259/2012, de 18-07-2012
A VICEPRESIDENTA,

[Signature]
Andrés Larra Mendicut López

O SECRETARIO

[Signature]